

Fichas para a recolleita de nova información nas exposicións públicas da toponimia de cada concello


Estas fichas foron creadas cunha dobre finalidade: para recoller os novos topónimos que a xente poida achegar nas exposicións públicas da toponimia dixitalizada nos concellos, e para modificar os nomes recolleitos na 1ª fase do traballo de campo, tanto na súa localización como as formas escritas, se antes non pasaron pola Comisión de Toponimia da Xunta. Se este grupo de expertos xa fixo o estudo pertinente e ditaminou as formas oficiais, non se poderán cambiar salvo con argumentos máis que xustificados. Cando hai topónimos dubidosos, eles mesmos os mandan para preguntar en campo de novo.

Polo tanto, temos 2 tipos de fichas distintas: unhas que imos chamar **Ficha de topónimo novo** e outras que se chamarán **Ficha de topónimo modificado**.


Hai unha serie de campos comúns para os dous modelos de ficha que son os seguintes:

- ✚ **PARROQUIA:** nome da parroquia na que se localiza o topónimo. Debe poñerse o nome da parroquia e a advocación, tal como figura no *Nomenclátor de Galicia*.
- ✚ **ALDEA:** nome da aldea na que se localiza o topónimo. Se non é posible encadrarlo dentro dunha determinada aldea porque hai moitos lugares próximos onde as terras teñen propietarios de varios deles, poríase simplemente a parroquia.
- ✚ **Nº de INFORMANTE:** Número asignado polos técnicos encargados da exposición á persoa que aporta o novo nome ou a modificación do xa existente.
- ✚ **Nº DE PLANO:** é o número que se lle asignou a cada mapa dunha parroquia para coñecer a súa distribución. Este número está situado na parte superior dereita do plano. Os números son independentes por cada parroquia do concello: o primeiro corresponde ao número que identifica cada plano e o segundo, despois do guión, indica o número total de planos toponímicos que ten cada parroquia.

Exemplo: plano 2-3, sería o mapa topónimo número 2 dentro dunha parroquia que ten 3 planos (ver o seguinte gráfico de localización de mapas toponímicos).



- ✚ **Nº DE FOTO:** é o número que corresponde á foto de campo sobre a que se situou o nome. Este número figura no **plano de localización de fotos**: aquí pode verse un mapa do concello en cuestión, no que vemos as fotos que cubren cada parte do seu territorio. Na copia dos mapas toponímicos da exposición que son para revisar de novo en campo, aparecen as fotos delimitadas por liñas vermellas.



Os campos específicos para cada ficha, en función da súa finalidade, son:

FICHA DE TOPÓNIMO NOVO

- ✚ **TOPÓNIMO NOVO:** úsase este campo para introducir un nome novo que non figure nas fotos dixitalizadas.
- ✚ **FONÉTICA NOVA:** neste campoponse unha pseudo-trascripción tendo en conta a súa pronuncia por parte dos informantes, atendendo aos seguintes símbolos para os fenómenos fonéticos máis importantes:

Símbolo	Descrición	Topónimo	Fonética
ä	Vogal aberta central palatalizada	Camariñas	[cämäriñas]
E	Vogal anterior de grao medio aberta	A Portela	[a portEla]
e	Vogal anterior de grao medio pechada	O Penedo	[o penedo]
O	Vogal posterior de grao medio aberta	A Corga	[a cOrga]
o	Vogal posterior de grao medio pechada	O Porto	[o porto]
gh	Gheada	A Veiga	[a veigha]
s	Seseo	A Bouciña	[a bousiña]
R	Rotacismo	As Lamas	[aR lamas]
X	Palatalización do -s final	As Pozas	[äX posäX]
S	Despalatalización do x	A Agra da Xesta	[a'ghra da Sêsta]
J	Consoante fricativa prepalatal sonora	Os Prados de Baixo	[os prados de baiJo]
Z	s sonora	A Poceira	[a poZeira]
Y	Yeísmo	A Broia	[a broYa]
,	Apóstrofe para casos de fonética sintáctica	O Lugar de Abaixo O Espiñeiro Os Soutos As Rozadas	[o lugar d'abaixo] [o'spiñeiro] [o'soutos] [a'rozadas]

✚ **Nº DE TOPÓNIMO:** é un número que se lle asigna a cada nome no mapa toponímico. A numeración debe comezar a partir do número 2000 para que non se solape coa numeración empregada na primeira recolleita de campo. Os números deben ser consecutivos e non se poden repetir ningún. Tamén se pide a máxima claridade e limpeza posible para facilitarlle o traballo posterior aos dixitalizadores.

Xunto co número de topónimo, hai que situar uns símbolos nas fotos dependendo do tipo de topónimo recollido: nos **topónimos puntuais** hai que debuxar un cadrado arredor; nos **topónimos lineais** sinalarase cunha cor o curso de auga ou as vías de comunicacións (cor vermella para os camiños, azul para os ríos e verde para os regueiros), e nos **topónimos superficiais** debuxarase un punto na situación concreta do topónimo. Nestes últimos, se é posible, tamén se pode marcar a contorna do espazo que identifica.

✚ **TIPOLOXÍA XEOGRÁFICA:** é o tipo de terreo, uso do solo ou elemento que identifica o topónimo, é dicir, se o nome identifica un *outeiro*, unha *valgada*... ou se é unha zona que ten *prados*, *touzas*, *soutos*... ou se é un *muiño*, *fonte*, *cruceiro*... Para ver as distintas tipoloxías xeográficas consultar o ANEXO I. Tipoloxías xeográficas.

- ✚ **XENÉRICO LOCAL:** este campo só se cubrirá no caso de que exista un termo específico na fala da zona para nomear a realidade xeográfica que identifica o topónimo que estamos a introducir. É dicir, se cubrimos unha ficha cun topónimo novo dun concello do sueste ourensán que sexa *A Fraga da Raposa*, na que o clasificamos coa tipoloxía xeográfica *penedo*, habería que poñer no campo *Xenérico local* a palabra *fraga*, e logo definila nos *Comentarios de campo* dicindo que é un termo usado nesa zona para referirse ás pedras ou penedos de forma xeneralizada.
- ✚ **CUADRÍCULAS:** como se pode observar nos mapas topónimos destinados a revisión post-exposición, existe unha grella de cuadrículas identificadas con letras e números que figuran no centro de cada unha delas. Hai unha **cuadrícula central** onde debe figurar o número de topónimo, e as que corresponden cos 4 puntos cardinais serven para marcar ata onde chega o espazo identificado por ese nome. Na meirande parte das ocasións abonda coa cuadrícula central.
- ✚ **COMENTARIOS DE CAMPO:** apartado onde se especificará toda aquela información que se considere oportuna respecto do topónimo ou das aclaracións do informante. Aquí poranse, no caso de habelas, as lendas, as etimoloxías populares...

Exemplo dunha *ficha de topónimo novo* cuberta:

Parroquia	Parroquia de Eiras (Santa Ouxea)				Aldea	Xinzo			
Nº de plano	2-2	Nº de foto	0187A-0204		Nº de Informante	1			
Topónimo novo	As Veigas de Abaixo				Nº topónimo	2001	Tipoloxía nova	Prados e pasteiros	
Fonética nova	[aR veighas d'abaixo]				Xenérico local	veiga			
Cuadrícula Central	AA12	Norte	AA11	Sur	AA13	Oeste	Z12	Leste	BB12
Comentarios de campo	Veiga = nesta zona este termo é de uso común na fala cotiá para referirse aos prados á beira do río. Os informantes din que nesta paraxe hai unha presa de regadío no río que leva o mesmo nome que os prados.								

FICHA DE TOPÓNIMO MODIFICADO

- ✚ **TOPÓNIMO MODIFICADO:** escríbese aquí o nome que debe ser modificado na foto porque ten algún tipo de erro, no que haberá que especificar se é gráfico, de localización ou se ten mal a tipoloxía xeográfica:
 - **Erro gráfico:** poríase aquí o nome que pronuncian os informantes se se considera distinto ou que presenta variantes gráficas respecto do que

aparece no mapa topónimo. É necesario consultar previamente os cadernos de exposición pública coas listaxes de topónimos recollidos e normativizados en cada parroquia, para comprobar se xa está normativizado pola Comisión e, polo tanto, que a variación se deba a un ditame dos expertos.

- **Erro de localización:** especificar cara onde hai que desprazar o nome no mapa para situalo ben no caso de que estea moi descentrado respecto do espazo que identifica. A exactitude absoluta é difícil, polo tanto, se o desprazamento é mínimo non se deberían modificar. Na foto hai que indicar cunha **frecha** cal sería a situación correcta e debuxar alí un **punto**.
- **Erro de tipoloxía:** adoitan ser casos de lugares que aparecen como barrios ou aldeas e á inversa. Con todo, hai que ver se algún nome, sendo dunha igrexa por exemplo, aparece clasificado como muíño ou casos parellos.

Exemplo dunha *ficha de topónimo modificado* cuberta:

Parroquia	Parroquia de Eiras (Santa Ouxea)				Aldea	Xinzo	
Nº de plano	2-2	Nº de foto	0187A-0204	Cuadric. Central	BB17	Informante	2
Topónimo modificado	A Fonte da Costiña	Erro gráfico					
		Erro situación	O informante di que esta fonte está mal situada, é por baixo do camiño. Xa se indica na foto o punto concreto.				
		Erro tipoloxía					

IMPORTANTE: Sería recomendable que o concello designara a unha persoa que se encargase durante os meses que está exposta a toponimia de atender aos visitantes e aos informantes que acheguen novos datos, cubrindo estas fichas baixo o asesoramento e supervisión dos coordinadores dos traballos de campo do Proxecto Toponimia de Galicia. Tamén sería interesante que a exposición fose itinerante, de maneira que os planos circularsen por cada parroquia para seren revisados por todos os veciños.

Para calquera dúbida ou problema poñerse en contacto con:

Vicente Feijoo Ares
Óscar Castro Castedo

Teléfono: 981542609

Correo electrónico:

vfeijoo@comarcasdeg Galicia.com

ocastro@comarcasdeg Galicia.com

Enderezo:

Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia - Subdirección SITGA
Estrada a Noia, Km 1, A Barcia
15896 SANTIAGO DE COMPOSTELA